



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto:** Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 10 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE), contra a Xunta de Galicia, o alcalde de Ferrol, o vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia e o Partido Popular, por unha posible infracción dos artigos 50 e 53 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

### **Antecedentes**

1. O 7 de febreiro de 2024, o representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE presenta escrito (RE 436/2024), no que formaliza denuncia contra a Xunta de Galicia, o alcalde de Ferrol, o vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia e o Partido Popular, por unha posible infracción dos artigos 50 e 53 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), derivada da celebración dun acto por mor da firma dun convenio de colaboración para a materialización do “*Proxecto Ferrol cidade do deporte*”, entre o alcalde de Ferrol, D. José Manuel Rey Varela, e o vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia, D. Diego Calvo Pouso, o día 2 de febreiro de 2024 no Concello de Ferrol, ao respecto da cal efectúa, entre outras, as seguintes consideracións:

*“Na citada noticia mencionase:*

*“...a iniciativa cuenta con un presupuesto de 18 millones de euros, que serán cofinanciados a partes iguales por ambas administraciones entre 2024 y 2027, para mejorar y poner en valor las infraestructuras deportivas ferrolanas. El objetivo es fomentar el deporte entre la población del ayuntamiento y de su entorno, así como facilitar su práctica en todos los niveles.”*

*Esta mención, xunto co feito de que a súa realización non puidera quedar postergada ata despois do período electoral sen quebranto ou lesión do servizo ou interese público, e tendo en conta o criterio desta XE (RS 606/2024), en denuncias similares realizadas no actual período electoral, debe levar a conclusión de que o contido da noticia denunciada desborda o contido obxectivo e necesario para a salvagarda do interese público...”*



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

*“... A programación pública deste acto ten a consideración de difusión de logros por parte das administracións participes, e supón un acto de inauguración. A firma do convenio per se, non suporía vulneración da normativa electoral, non así a difusión do mesmo como un logro e con remisión aos medios de comunicación para a súa publicación...”*

2. O 8 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselles á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias; ao Partido Popular e ao alcalde do Concello de Ferrol copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 1157/2024; 1158/2024 e RS 1159/2024, respectivamente), extremo que se comunicou ao representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE (RS 1160/2024).

3. O 9 de febreiro de 2024 o Partido Popular formulou alegacións (RE 465/2024) sinalando que o Partido Popular non colaborou nin directa nin indirectamente na actuación nin na publicación desa información nin ten coñecemento do contido da mesma, polo que non existe ningunha infracción pola súa parte.

Tamén o 9 de febreiro de 2024 o alcalde do Concello de Ferrol formulou alegacións (RE 470/2024), motivando a conformidade do acto celebrado co establecido na LOREX, efectuando, entre outras afirmacións, as seguintes:

*“...en el caso que nos ocupa, el acto fue convocado únicamente para los medios gráficos, no acudiendo redactores de prensa ni realizándose declaraciones. El acto se limitó a la firma de un convenio administrativo que debía hacerse por plazos administrativos. Las publicaciones denunciadas suministran información objetiva sobre la firma de un convenio administrativo entre dos administraciones sin hacer referencia a logros ni a balances.*

*Como se anticipó, el convenio administrativo firmado responde a un manifiesto interés general al que ha de darse protección con prontitud, dado que resulta urgente el acometer de forma inminente obras de mejora en los equipamientos deportivos locales ante el mal estado y continuo deterioro que presentan<sup>4</sup>. Todo ello, con las competencias de ejercicio obligatorio y coordinado establecidas en el art.8 y 9 de la Ley del Deporte y 25.2.1 de la LBRL...”*

*“... Por lo demás, la información proporcionada en relación al contenido del convenio administrativo alcanzado, con la ejecución de obras con un horizonte del 31-12-2027, no pudo haber contaminado el acto convirtiéndolo en una campaña de logros que pueda*



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

*considerarse incurso en conducta prohibida por el artículo 50.2 de la LOREG. De hecho, no hay la menor mención o concreción de tales circunstancias en el escrito de denuncia presentado por el PSdeG- PSOE”*

Por último, formulou dentro do prazo concedido alegacións a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia (RE 472/2024) motivando a conformidade dos feitos denunciados co establecido na LOREX, efectuando, entre outras afirmacións, as seguintes:

*“- A celebración de actos de formalización de convenios de colaboración é perfectamente posible en período electoral. A acción administrativa non ten porque deterse.*

*- Resulta obvio que ningunha norma impón que se teñan que celebrarse sen presenza de medios de comunicación o sen público, misteriosamente e a porta cerrada ou sen transparencia. É máis, como expresa a Junta Electoral de Zona de Ourense no seu acordo antes citado a difusión destes convenios é “noticiable”.*

*- Durante eses actos ou eventos pode transmitirse información de interese xeral. Así, como se deriva do acordo da Junta Electoral antes citado cabe difundir información dirixida a “poner en conocimiento el contenido del convenio”.*

*- O único que resulta prohibido é que con ocasión dos citados actos ou eventos “las autoridades o funcionarios realicen actos o declaraciones que tengan contenido electoralista o que puedan considerarse como campaña de realizaciones o logros obtenidos”, en palabras da JEC. Como expresa a Junta Electoral de Zona de Ourense no acordo citado deben realizarse “sin petición expresa de voto, inauguración o alusión a partido político concreto”.*

*Como iremos vendo, a actuación denunciada respecta todos estes parámetros.”*

### **Fundamentos de dereito**

**Primeiro.** O artigo 50 LOREX, prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral *“calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos”*. E o seu apartado 3, prohibe *“calquera acto ou inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, calquera que sexa a denominación utilizada, sen prexuízo de que ditas obras ou servizos podan entrar en funcionamento en dito período”*.



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Segundo.** O artigo 53, segundo parágrafo, da LOREX prohíbe desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña, *a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou insercións en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.*

Esta prohibición é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, na que se definen os actos prohibidos e permitidos durante ese período.

**Terceiro.** As administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas: *«El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Por iso *«el inicio del período electoral no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para o correcto desenvolvemento de los servicios públicos»* (Ac. XEC do 10 de maio de 2011).

Polo tanto, o período electoral non impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

**Cuarto.** Ao respecto da celebración de acordos ou convenios de colaboración, a XEC tamén se ten pronunciado sinalando que *“... será posible la celebración de convenios de colaboración en la medida en que se den las circunstancias que los hagan necesarios para el interés general...”*, resultando improcedente que nos eventos de celebración de acordos ou convenios de colaboración *“...las autoridades o funcionarios realicen actos o declaraciones que tengan contenido electoralista o que puedan considerarse como campaña de realizaciones o logros obtenidos...”* (Ac. XEC do 7 de abril de 2011).

A noticia na que se centra a denuncia relativa á celebración dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol, ten o seguinte tenor literal:

*“Ferrol, 2 de febrero de 2024*



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

*El vicepresidente primero y conselleiro de Presidencia, Xustiza y Deportes, Diego Calvo, y el alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela, firmaron hoy el acuerdo para el desarrollo del proyecto Ferrol Cidade do Deporte. La iniciativa cuenta con un presupuesto de 18 millones de euros, que serán cofinanciados a partes iguales por ambas administraciones entre 2024 y 2027, para mejorar y poner en valor las infraestructuras deportivas ferrolanas. El objetivo es fomentar el deporte entre la población del ayuntamiento y de su entorno, así como facilitar su práctica en todos los niveles.*

*El principal eje de actuación se concentra en la ensenada de A Malata, con siete instalaciones principales. Se trata del estadio del Racing Club de Ferrol; las pistas de skate; el recinto ferial FIMO; el campo de rugby, la pista de atletismo y las pistas de tenis; y el pabellón. En estas instalaciones se prevén obras de reparación de carácter global, tanto en el interior como en el exterior, así como la rehabilitación de edificios y la mejora de su accesibilidad.*

*En el entorno de A Malata, en concreto en la Cabaña, se proyecta rehabilitar la ciudad náutica, con la adecuación de los edificios y la instalación de dos embarcaderos, así como la reparación del pavimento de su pista polideportiva.*

*Además de estas instalaciones, se pretende reformar otras en el entorno urbano del ayuntamiento para adecuarlas a las nuevas necesidades y a la normativa. Se trata del campo de fútbol de Caranza, el complejo deportivo de A Gándara y los pabellones polideportivos de Santa Mariña, el Ensanche y la Casa del Deporte, así como la piscina de Caranza.*

*A mayores, para promover la actividad deportiva en el entorno rural, se creará una nueva pista polideportiva cubierta en Mandiá.”*

Logo do seu detallado análise, esta Xunta Electoral, considera que a información que contén, e que é a que trascendeu publicamente e a que consta na web da Xunta de Galicia, está relacionada cos elementos do contido que preceptivamente debe constar neste tipo de instrumentos de colaboración, segundo esixe a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, tales como: os suxeitos, o obxecto, as actuacións a realizar polas partes, as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada parte, etc., e que deben ser obxecto da debida publicidade na dita web para dar cumprimento á normativa de transparencia.

Esta información administrativa que consta por esixencia normativa na área de convenios da web da Xunta de Galicia, preséntase tamén na área de comunicación desta web, redactada dun xeito periodístico e facilmente comprensible. Non se aprecian neste texto e tampouco nos das publicacións dos medios de comunicación



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

que difundiron a noticia que se insiren na denuncia, connotacións electoralistas nin campaña de logros que poidan incardinarse na prohibición que establece o artigo 50.2 da LOREX.

As actuacións denunciadas correspóndense cunha actuación ordinaria das Administracións Públicas referidas, desprovistas de contidos electoralistas, prevalecendo no conxunto dos textos analizados, información obxectiva relacionada coa sinatura dun convenio de interese público, que é unha actuación permitida en período electoral segundo quedou exposto.

En consecuencia,

### **ACORDA**

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 12:00 horas do próximo día 16 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:  
[xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal](mailto:xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal)